

CONSUMO GUSTOS

Carta de Consumo Responsable e Solidario

O sector agroalimentario galego ten demostrado estar ao máis alto nivel respecto da calidade e seguridade alimentaria dos produtos que ofrece no mercado, podendo competir de igual a igual con calquera outro país da nosa contorna.

Neste compromiso coa calidade, ten feito unha aposta decidida polo aproveitamento sostible dos recursos naturais e pola recuperación de especies, razas e variedades tradicionais adaptadas ao noso hábitat, que permiten dar ós nosos produtos e ás nosas elaboracións una personalidade propia, ligada ao noso clima e territorio, por tanto inimitable.

Como garantía de orixe e singularidade, moitas das nosas explotacións agrarias, pequenos negocios artesanais e distintas industrias transformadoras e elaboradoras teñen dado un paso máis, etiquetando os seus produtos en galego. Tamén algunhas empresas de comercialización e distribución optaron por rotular os seus negocios e facer as súas campañas de publicidade en galego.

A iniciativa privada que busca a excelencia nas súas elaboracións ao tempo que desenvolve as súas actividades en sintonía coa nosa singularidade e incorpora outros valores inmateriais aos seus produtos, precisa de persoas consumidoras responsables e solidarias.

As xentes deste país somos herdeiros dunha historia, dunha cultura e dunha tradición, que significa para nós un gran privilexio pola riqueza herdada dos nosos devanceiros, máis unha grande responsabilidade pola herdanza que debemos deixarles aos nosos descendentes.

Por iso, cando eliximos os produtos a consumir, temos a opción de escoller aqueles que están a manter unha economía sostible e que xeran riqueza, valor engadido e emprego de proximidade, ao tempo que axudan a manter viva unha cultura, unha lingua e unha forma de ser.

Temos un deber responsable á hora de decidir por que produtos optamos, coa conciencia de que os produtos galegos contribúen ao noso desenvolvemento económico, permiten fixar poboación e garanten a pervivencia do noso país.

Temos un deber solidario con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de etiquetaren en galego as súas elaboracións ou utilizan o noso idioma na súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.

Por todo isto, asinamos esta Carta de CONSUMO RESPONSABLE E SOLIDARIO, co compromiso de optar por aqueles produtos galegos, etiquetados e comercializados na lingua que herdamos dos nosos antepasados, e que queremos manter viva e transmitir aos nosos descendentes.

ETIQUETADOS EN GALEGO



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO



*Gústame que che guste o galego,
por iso gusto dos teus produtos*

Alba Nogueira




FORO ENRIQUE PEINADOR



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

*Feito en Galicia. Con xeito
Amancio Prada*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO


*Co gusto na lingua
Antón Dobao*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO




Vive, bebe, come, assume Galicia
Antón Reixa



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO



*Consello de amigo:
consume produtos etiquetados en galego*
Clodio González



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

*Os nosos produtos no noso idioma
Ernesto Chao*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO



Os nosos, saben a riqueza e traballo
Henrique Costas



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO



Gusto por dentro, Gusto por fóra
Inma López Silva



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO



*Porque en galego sabe máis! É ou non é?!
Martin Barreiro*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO



A lingua no padal sabe mellor
Morris



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO



*Superetiquetado en galego,
consumo gusto*

Xosé Manuel Piñeiro



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

En galego, sempre mellor
Rosa Álvarez



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

Canto máis noso, máis saboroso
Rosa Fontaiña



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO



*Eu creo en galego
Rubén Riós*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

*O noso na nosa
SU50 de Toro*



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMO GUSTOS



ETIQUETADOS EN GALEGO

*Quero os meus alimentos
ecolóxicos e en galego*
Uxia Senlle



XUNTA
DE GALICIA

CONSUMOGUSTOS

ETIQUETADOS EN GALEGO



En galego, o noso sabe mellor
Villar Janeiro



XUNTA
DE GALICIA